



CONCELLOS ANTAS DE ULLA

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello de Antas de Ulla, adoptado o día 14 de outubro de 2013, sobre a transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinto grupo de función que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, que se fai público resumido por capítulos:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
0	31	DÉBEDA PÚBLICA-INTERESES DE PRÉSTAMOS	6.175,00€
TOTAL GASTOS			6.175,00€

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
9	22	ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL- GASTOS EN MATERIAIS, SUBMINISTRACIÓN E OUTROS	6.175,00€
TOTAL GASTOS			6.175,00€

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

En Antas de Ulla, a 22 de novembro do 2013.- O alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 4777

BURELA

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2013, o Padrón do servizo de Axuda no Fogar, do mes de outubro de 2013, que no seu importe total ascende á suma de 2.510,33 €.

Por medio do presente expónse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Burela, 28 de novembro de 2013.- O Alcalde, José González Barcia

R. 4778

LUGO
Anuncio

NOTIFICACIÓN POR EDITOS

Dado que non foi posible realizarlles a notificación ás persoas que se relacionan por causas non imputables a esta Administración, e tralos dous intentos practicados en relación co requirimento de documentación para completar os expedientes de solicitude de **subvencións para alugamento de vivenda destinada a domicilio habitual das persoas residentes no termo municipal de Lugo. Exercizo económico 2013** e para os efectos do establecido no artigo 59 da **Lei 30/1992**, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **procédese á notificación a través de edictos**, segundo o seguinte detalle:

En aplicación do disposto na base décimo terceira das bases xerais polas que se regula a concesión de axudas ao alugamento de vivenda no Concello de Lugo. Exercicio 2013, requeríreselles para que no prazo improrrogable de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente edito as persoas que se relaciona acheguen; segundo o disposto no artigo 71,1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada por la lei 4/1999, de 13 de xaneiro; ás oficinas da empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA), sitas na rúa Quiroga Ballesteros, s/nº PB, os documentos que debaixo de cada nome se sinalan:

D^a. ERMITAS FERNÁNDEZ OTERO. NIF. 14946822L

- Certificacións da Axencia estatal da Administración Tributaria e da Seguridade Social acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias fronte a Facenda estatal e a Seguridade Social respectivamente.
- Documento aclarario do importe real do alugamento, desglosando o correspondente aos gastos da comunidade.
- Fotocopia dun dos últimos recibos de subministración de luz, auga e gas.

D^a. PAULA ANDREA TABIMA PIAMBA. NIF. 34306097X

- Fotocopia da delcaración sobre o IRPF de 2011 (Imposto sobre a renda das persoas físicas) de D. Luis Eduardo Castillo Ospina e, no seu defecto, certificación de Facenda acreditativa de non ter a obriga de presentala.

D. FELIPE HERNÁN GIRALDO YEPES. NIF.: 34302907V

- Documento do propietario no que se aclare realmente canto é o importe do aluguer, desglosando o importe correspondente á praza de garaxe.
- Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de que non é beneficiario de ningunha prestación.
- Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social de que non é beneficiaria de ningunha pensión.

Advirteselles de que se así non o fixese teráselles por desistidos da súa petición, e archivaranse os expedientes sen máis trámites, trala resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O que se lle traslada para o seu coñecemento e oportunos efectos. Para calquera dúbida ou aclaración deberá vostede dirixirse ás oficinas municipais da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, SA. (EVISLUSA) sitas na Rúa Quiroga Ballesteros s/nº PB 27001 de Lugo.

Lugo, 4 de decembro de 2013.- A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, Ana M^a González Abelleira.

R. 4844

MONDOÑEDO
Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro do 2013, de aprobación da modificación da Ordenanza nº 2, Reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

“ORDENANZA Nº 2, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA.**FUNDAMENTO LEGAL E FEITO IMPONIBLE.****Artº. 1º.**

1. De conformidade co disposto nos artigos 60-2 e 93 e seguintes da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establece o IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA, que gravará os vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calesquera que sexa a súa clase e categoría.

2. Considerase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non cause baixa nos mesmos. Os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeitos a este imposto os vehículos que sendo dados de baixa nos rexistros por antigüedad do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certámenes ou carreiras limitadas ós desta natureza.

SUXETO PASIVO.**Art. 2º.**

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, a cuio nome conste o vehículo no permiso de circulación.

EXENCIONS E BONIFICACIONES.**Art. 3º.**

Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades locais adscritos á defensa nacional ou a seguridade cidadán.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, Axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos dos Organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria, que pertencen á Cruz Vermella.

d) Os coches de inválidos ou os adoptados para a súa conducción por diminuídos físicos, sempre que non superen os 12 cabalos fiscais e pertencen a persoas inválidas ou diminuídas fisicamente.

e) Os autobuses urbanos adscritos ó servizo de transporte público en réxime de concesión administrativa outorgada polo concello da imposición.

f) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder obter as exencións a que se refieren as letras d) do apartado 1 do presente artigo os interesados deberán instar a súa concesión todos os anos e dentro do primeiro trimestre de cada ano, excepto no caso da primeira adquisición do vehículo polo minusválido dentro do mesmo ano, debendo acompañar á solicitude de exención a documentación requirida o efecto, que será , para o caso de solicitar por primeira vez, a que se detalla a continuación:

Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

a) Certificado do grado de minusvalía expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou o INSS na que conste o grado e /ou a clase de discapacidade padecida.

b) DNI do minusválido.

c) Ficha Técnica do vehículo.

d) Permiso de conducción do conductor do vehículo (anverso e reverso)

e) Permiso de circulación a nome do minusválido.

f) Póliza de seguro do vehículo na que figura o minusválido ou o conductor como tomador do seguro ou conductor do vehículo, e recibo actualizado

g) Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

E para o caso de sucesivas solicitudes para persoas con discapacidade a seguinte documentación:

a) Certificado do grado de minusvalía nos termos expresados nos párrafos anteriormente descritos.

b) Permiso de circulación a nome do minusválido.

c) Póliza de seguro do vehículo nos termos expresados nos párrafos anteriormente descritos e recibo actualizado.

3. Para poder obter as exencións a que se refieren as letras f) do apartado 1 do presente artigo os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio:

4.- A notificación da resolución da concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia."

(Incremento do IPc Xeral dende xaneiro do 2012 ata xullo do 2013:3,4%)

Artigo 4º. Bases e Cota tributaria.

O imposto esixirase con arranxo ao seguinte cadro de tarifas:

- A) TURISMOS:
- De menos de 8 cabalos fiscais..... 16,31€
 - De 8 ata 11,99 cabalos fiscais.....43,06€
 - De 12 ata 15,99 cabalos fiscais..... 91,35€
 - De 16 ata 19,99 cabalos fiscais.....138,49€
 - De 20 cabalos fiscais en adiante.....158,07€
- B) AUTOBUSES
- De menos de 21 prazas..... 105,70€
 - De 21 a 50 prazas..... 150,72€
 - De máis de 50 prazas.....188,57€
- C) CAMIÓN
- De menos de 1000 kg de carga útil..... 53,49€
 - De 1000 a 2999 kg de carga útil..... 103,98€
 - De 3000 a 9999 kg de carga útil..... 150,65€
 - De máis de 9999 kg de carga útil.....188,57€
- D) TRACTORES
- De menos de 16 cabalos fiscais..... 22,17€
 - De 16 a 25 cabalos fiscais.....35,22€
 - De máis de 25 cabalos fiscais.....105,70€
 -
- E) REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA
- De menos de 1000 kg e máis de 750 kg de carga útil.....22,17€
 - De 1000 a 2999 kg de carga útil..... 35,22€
 - De máis de 2999 kg de carga útil..... 105,70€
- F) OUTROS VEHÍCULOS
- Ciclomotores..... 5,87€
 - Motocicletas ata 125c.c.....5,87€
 - Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.....9,79€
 - Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.....19,57€
 - Motocicletas de máis de 500 ata 1000 c.c.....49,97€
 - Motocicletas de máis de 1000 c.c.93,96€
 - Cuadriciclos 19,57€

PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO

Artº. 5º.

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comenza o día en que se produza dita adquisición.

2. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cuota do imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo.

REXIMENES DE DECLARACION E DE INGRESO

Art. 6º.

A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponde ó Concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

Artº, 7º.

1. Quenes soliciten ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo deberán acreditar, previamente, o pago do imposto.

. A mesma obriga estarán suxeitos os titulares dos vehículos cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia e de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

3. As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes de baixa ou transferencia de vehículos si non se acredita previamente o pago do imposto.

Artº. 8º.

O pago do imposto deberá realizarse dentro do primeiro trimestre de cada exercicio para os vehículos que xa estiveran matriculados ou declarados aptos para a circulación. En caso de nova matriculación ou de modificación no vehículo que altere a súa clasificación a efectos tributarios, o prazo do pago do imposto ou da liquidación complementaria será de trinta días a partir do seguinte ó de matriculación ou rectificación.

Artº. 9º.

1. Anualmente formarase un Padrón no que figurarán os contribuíntes afectados e as cuotas respectivas que se liquiden por aplicación da presente Ordenanza, que será exposto ó público por quince días a efectos de reclamacións previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e edictos na forma acostumada na localidade.

2. Transcorrido o prazo de exposición ó público , o Concello resolverá sobre as reclamacións presentadas e aprobará definitivamente o Padrón que servirá de base para os documentos cobratorios correspondentes.

Artº. 10º.

As cuotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario, faranse efectivas pola vía de apremio, con arreglo ás normas do Regulamento Xeral de Recaudación.

PARTIDAS FALLIDAS**Art. 11º.**

Considéranse partidas fallidas ou créditos incobrables aquelas cuotas que non se puideran facer efectivas polo procedemento de apremio, para o que se formalizará o oportuno expediente de acordo co prevenido no vixente Regulamento Xeral de Recaudación.

INFRACCIONS E SANCIONS**Artº. 12º.**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, conforme se ordena no artigo 12 da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

DISPOSICION DEROGATORIA.

Queda derogada a anterior ordenanza nº 2 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación definitiva no BOP de Lugo , permanecendo en vigor ata que se aprobe a súa modificación ou derogación expresa.”

Mondoñedo, a 28 de novembro do 2013.- O Alcalde, Manuel O. González Cruz

R. 4779

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro do 2013, de aprobación da modificación da Ordenanza nº7, Reguladora das taxas por cemiterio municipal, e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

“ORDENANZA FISCAL NUM. 7 REGULADORA DAS TAXAS POR CEMITERIO MUNICIPAL.**Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da RD.

Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este concello establece a "Taxa de Cemiterio Municipal" que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, axustándose as normas ó prevenido no artigo 57 do devandito RD. Lex.."

Artigo 2.- Feito Imponible

Constitúe o feito imponible da Tasa a prestación dos servizos do Cemiterio Municipal, tales como asignación de espazo para enterramentos, permiso de construción de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución ou incineración, movemento de lápidas, colocación de lápidas, verxas e adornos, conservación dos espazos destinados ó descanso dos difuntos, e calesquera outros que, de conformidade co prevenido no Regulamento de Policía Sanitaria mortuoria, sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

Artigo 3º.- Subxeito pasivo.

Son subxectos pasivos contribuintes, os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización.

Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Exencións subxectivas.

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

a) Os enterramentos dos asilados procedentes da Beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.

b) Os enterramentos de cadáveres de probres de solemnidad.

c) As inhumacións que ordene a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.

Artigo 6º.- Cuota tributaria.

A cuota tributaria determinarase por aplicación da seguinte Tarifa:

Epígrafe 1º.- Asignación de sepulturas, nichos e columbarios.

CONCEPTOS	€
A) Sepulturas perpetuas.....	
B) Sepulturas temporais	
Por cada corpo.....	
C) Nichos perpetuos:	
Unidade.....	700,01 €
Columna de dous nichos.....	1.268,79 €
Columna de tres nichos.....	1.814,34 €
D) Nichos temporais	
a) Tempo limitado a dez anos e tras-	
do a columbario.....	
b) Tempo limitado a cinco anos e tras-	
do a columbario.....	
c) Os demais.....	
E) Sepulturas perpetuas para párvulos e/	
fetos. Cada corpo.....	
F) Sepulturas temporais para párvulos e/	
fetos. Cada corpo.....	
G) Nichos temporais para párvulos e fe-	
tos.....	
H) Nichos temporais para párvulos e fe-	
tos.....	
I) Columbarios.....	

Epígrafe 2º.- Asignación de terreos para mausoleos e panteóns.

- A) Mausoleos, por metro cadrado de terreo.....
 B) Panteóns, por metro cadrado de terreo..... 161,15 €

NORMAS COMUNS OS EPIGRAFES ANTERIORES

1ª Toda clase de sepulturas ou nichos que, por calquera causa, quedaren vacantes, revertirán a favor do Concello.

2ª O dereito que se adquire mediante o pago da tarifa correspondente a sepulturas ou nichos dos chamados "perpetuos", non é o da propiedade física do terreo, senon o de conservación a perpetuidade dos restos inhumados en ditos espazos.

Epígrafe 3º.- Permiso de construción de mausoleos e panteóns.

- A) Permiso para construír mausoleos...
 B) Permiso para construír panteóns.... 176,28 €
 C) Permiso para construír sepulturas.. 163,04€
 D) Permiso de obras de modificación de mausoleos.....
 E) Permiso de obras de modificación de panteóns.....
 F) Permiso de obras de reparación ou adecentamento en mausoleos.....
 G) Permiso de obras de reparación ou adecentamento en panteóns.....

Epígrafe 4º.- Colocación de lápidas, verxas e adornos.

- A) Por cada lápida en nicho ou sepultura.....8,46 €
 B) Por cada revestimento de sepulturas en cemento, granito ou material análogo, sempre que non se forme capela ou panteón.....

Epígrafe 5º.- Rexistro de permutas e transmisións.

- A) Inscripción nos Rexistros Municipais de cada permuta que se conceda, de sepulturas ou nichos dentro do Cemiterio.....
 B) Por cada inscripción nos Rexistros Municipais de transmisión das concesións a perpetuidade de toda clase de sepulturas ou nichos, a título de herdanza entre pais, cónxuxes e fillos...
 C) Por inscripción das demais transmisións das concesións a perpetuidade de toda clase de sepulturas ou nichos....
 Unidade.....32,21 €
 Columna de dous.....50,84€
 Columna de tres.....74,30€

Epígrafe 6º.- Inhumacións.

- A) En mausoleo ou panteón.....23,91 €

- B) En sepultura ou nicho perpetuos....33,48 €
- C) En sepultura ou nicho temporais....
- D) En sepultura ou nicho de párvulos e fetos, perpetuos.....
- E) En sepultura ou nicho de párvulos e fetos, temporais.....
- F) En columbario.....

Cando se trate da inhumación de fetos dentro do mesmo féretro ocupado polo cadaleito da nai abonaranse os dereitos correspondentes a un só enterramento.

Os restos de cadaleitos soterrados en calquera clase de sepultura poderán pasar ó columbario, se así se solicita, sen pago de dereito de ningunha clase, sempre que a sepultura quede completamente libre, efectuándose todas as operacións por conta do Concello e revertindo a sepultura desocupada a favor do mesmo.

Epígrafe 7º.- Exhumacións.

- A) De mausoleo e panteón
- B) De sepultura perpetua
- C) De sepultura temporal
- D) Parvulario perpetuo
- E) Parvulario temporal
- Traslado de restos dentro do cemiterio ...8,46 €
- Traslado de restos a outra población12,37 €

CONCEPTOS €

Epígrafe 8º.- Incineración, redución e traslado.

- A) Incineración de cadáveres e restos ..
- B) Redución de cadáveres e restos
- C) Traslado de cadáveres e restos

Epígrafe 9º.- Movemento de lápidas e tapas

- A) En mausoleo
- B) En panteón
- C) Traslado de cadáveres e restos
- Nichos 1,29 €
- Renovación de concesións: Sepulturas 1,62 €
- Panteóns 2,27 €

O movemento de lápidas ou tapas nas distintas sepulturas efectuárase polo persoal do Concello. Se estas operacións as efectuasen os particulares por conta e con obreiros por eles designados, reduciranse as tarifas nun por 100 das consignadas a estos efectos.

CONCEPTOS €

Epígrafe 10º.- Conservación e limpeza.

- A) Por retirada de terra e escombros, con motivo da limpeza de sepulturas

en panteóns a perpetuidade, a solitudi-
citude do concesionario das mesmas

B) Pola realización de reparacións de /
urxencia, ou de traballos de conser-
vación e limpeza, ben a instancia de
parte ou ben de oficio, cando, requere-
rido para isto, ademais do valor dos
materiais empregados, esixirase por/
cada operario e hora

C) Establécese a taxa de mantemento do cemiterio, para rexir a partir do 1 de xaneiro do 2008,
que se cobrará por cada nicho ou sepultura, pola cantidade de 6,22 euros/ano."

Artigo 7º.- Devengo.

Devengarase a Tasa e nace a obriga de contribuír cando comence a prestación dos servizos suxeitos a gravame,
entendéndose, a estos efectos, que dita iniciación prodúcese coa solitudi- citude daqueles.

Artigo 8º.- Declaración, liquidación e ingreso.

1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate.

A solitudi- citude de permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada do correspondente proxecto
e memoria, autorizados por facultativo competente.

2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma, que será notificada, unha vez que fora
prestado dito servizo, para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais e na forma e prazos sinalados no
Regulamento Xeral de Recaudación.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan
en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza modificada foi aprobado polo Pleno da Corporación o día 26 de setembro do 2013, e
entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecerá en vigor ata a súa
modificación ou derogación posterior".

Mondoñedo, a 28 de novembro do 2013.- O Alcalde, Manuel O. González Cruz

R. 4780

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 26 de
setembro do 2013, de aprobación da modificación da Ordenanza nº 9, Reguladora da taxa de recollida de lixo, e
non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo
17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

"ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TASA POR RECOLLIDA DE LIXO

Art. 1º. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de
2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RD
Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,
este concello establece a "Taxa por recollida de lixo", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e as súas normas
atenden o previsto no artigo 57 do citado RD Lex. 2/2004.

Art. 2º. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria da recollida de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2. A tal efecto, considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou aqueles os que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita a taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de escombros de obras.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas e locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 49 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Exencións.

Gozarán de exención subxectiva da obriga de contribuír aqueles suxeitos pasivos que acrediten estar nunha situación de extrema pobreza ou indixencia nos termos en que se determinen regulamentariamente, e previo informe preceptivo dos Servizos Sociais do Concello.

Ademais, poderán gozar de exención do pago deste tributo aqueles suxeitos pasivos cuio domicilio ou residencia habitual estea a unha distancia superior a 200 metros respecto ó punto de recollida de lixo determinado polo concello. Se ben esta exención terá carácter rogado, debendo ser solicitada por parte do suxeito pasivo interesado.

Artigo 6º. Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que determinarase en función da natureza e destino dos inmobles.

**2. A tal efecto, aplicarase a seguinte tarefa:
(incremento IPC Xeral dende xaneiro do 2012 ata Xullo do 2013: 3,4%)**

Artigo 6º. Cota tributaria.

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2.- A tal efecto, aplicarase a seguinte tarefa:

- 1) Por cada vivenda76,54 €/ano.
- 2) Hoteis, restaurantes e hospedaxes ou fondas de categoría A)489,94 €/ano.
Hoteis, restaurantes e hospedaxes ou fondas de categoría B).....408,22 €/ano.
- 3) Bares, cafeterías e establecementos similares de categoría A).....408,22 €/ano.
Bares, cafetería e establecementos similares de categoría B).....199,15 €/ano.

- | | |
|---|-------------------|
| 4) Locais industriais, almacéns ao por maior, supermercados, autoservicios, talleres mecánicos e similares..... | 408,22€/ano. |
| 5) Bancos e caixas de aforro..... | 408,22€/ano. |
| 6) Locais comerciais e de servizos, pequenos talleres, oficinas, perruquerías e similares..... |199,15€/ano. |
| 7) Pequenos locais artesanais e similares..... |59,83€/ano.” |

3. As cotas sinaladas na tarefa teñen carácter irreducible e corresponden a doce

Artigo 7º. Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicia a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixos domiciliarios, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos a taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada ano natural, salvo que o devengo da taxa producírase con posterioridade a citada data, e neste caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

Artigo 8º. Declaración e ingreso.

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes a data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando ó efecto a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro bimestre.

2. Cando se coñeza xa de oficio ou por comunicación dos interesados calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte o da data en que se efectuara a declaración.

3. O cobro das cotas efectuarase bimestralmente mediante recibo derivado da matrícula.

Artigo 9º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION DEROGATORIA.

Queda derogada a anterior ordenanza nº 9 reguladora da taxa de recollida de lixo

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación definitiva no BOP de Lugo, permanecendo en vigor ata que se aprobe a súa modificación ou derogación expresa.”

Mondoñedo, a 28 de novembro do 2013.- O alcalde, Manuel O. González Cruz

R. 4781

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro do 2013, de aprobación da modificación da Ordenanza nº 10, Reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga e utilización de contadores e instalacións análogas cando ditos servizos e suministros sexan prestados por Entidades Locales, e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

“ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS CANDO DITOS SERVICIOS E SUMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.

Art. 1º. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a

Taxa por servizos de distribución de auga incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, por servizos ou suministros prestados polo Concello.

Art. 2º. Feito imponible.

1. Constitue o feito imponible da taxa a prestación do servizo de distribución de auga incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

Art. 3º. Suxetos pasivos.

1. Son suxetos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 34.5 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeto pasivo sustituto do contribuinte o propietario das vivendas e locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Art. 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeto pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

(incremento Ipc Xeral dende xaneiro do 2012 ata xullo de 2013: 3,4%)

Art. 5º. Cota tributaria.

USO DOMÉSTICO:

- 0 a 14 m³ (consumo mínimo)..... 5,2732 €/bimestre
- De 15 a 50 m³ 0,3766 €/m³
- Máis de 50 m³.....0,4708 €/m³

USO INDUSTRIAL:

- 0 a 14 m³ (consumo mínimo).....6,8553 €/bimestre
- De 15 a 50 m³ 0,4897 €/m³
- De 51 a 100 m³..... 0,6121 €/m³
- Máis de 100 m³..... 0,7533 €/m³

TARIFA DE ALUGUER DE CONTADORES:

- Contadores de 13,15, 20 mm..... 1,8714 €/bimestre
- Contadores de 25,30 e 40 mm4,3498 €/bimestre
- Contadores de máis de 40 mm.....21,9517 €/bimestre

*Dereito de enganche e colocación de contadores32,59 €.

*Dereito de acometida á rede de distribución e taladro na condución.....65,23 €

Art. 6º. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Art. 7º. Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicia a prestación do servizo, realizándose a súa facturación e cobro con carácter bimestral.

Art. 8º. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Art. 9º. Xestión.- As persoas ou entidades interesadas na prestación do servizo deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para que se solicita.

- En caso de vivendas ou edificios de nova construción deberán obter previamente a correspondente licencia de primeira ocupación.

- Autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentras non se presente a declaración de baixa polo interesado.

- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos responsables formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no periodo natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinarán a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICION DEROGATORIA.

Queda derogada a anterior ordenanza nº 10 reguladora da taxa polos servizos de distribución de agua e utilización de contadores e instalacións análogas cando ditos servizos e suministros sexan prestados por entidades locais.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación definitiva no BOP de Lugo , permanecendo en vigor ata que se aprobe a súa modificación ou derogación expresa.”

Mondoñedo, a 28 de novembro do 2013.- O Alcalde, Manuel Orlando González Cruz

R. 4782

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro do 2013, de aprobación da modificación da Ordenanza nº 12, Reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas, e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DE BEIRARRUAS.

Art. 1º. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por utilización privativas ou aproveitamentos especiais que se deriven de entradas de vehículos a través de beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Art. 2º. Suxetos pasivos.

1. Son suxetos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo primeiro.

2. Terá a consideración de suxeto pasivo substituto do contribuinte os propietarios dos terreos e locais ós que dean acceso ditas entradas de vehículos.

Art. 3º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeto pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Art. 4º. Cota tributaria.

(incremento IPC Xeral dende xaneiro de 2012 ata xullo de 2013: 3,4 %):

Artigo 4º. Cota tributaria.

Por cada metro lineal ocupado 9,79 €/ano.

Art. 5º. Obriga de pago.

1.- A obriga de pago nace:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licencia.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados, o día primeiro de cada ún dos periodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2.- O pago da taxa efectuarase:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos por ingreso unha vez concedida a correspondente licencia ou autorización.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizadas e prorogadas: unha vez incluídas no padrón correspondente, no prazo que se sinale no edicto de exposición pública do padrón.

Art. 6º. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Art. 7º. Xestión.

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal ó que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitudeachegándolle un plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal.

- Autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentras non se presente a declaración de baixa polo interesado. Esta autorización é concedida a precario puidendo revogarse libremente polo órgano concedente.

- Cando remate a necesidade do aproveitamento os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no periodo natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinarán a obriga de continuar aboando a taxa.

Art. 8º. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICION FINAL:

DISPOSICION DEROGATORIA.

Queda derogada a anterior ordenanza nº 12 reguladora da da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación definitiva no BOP de Lugo , permanecendo en vigor ata que se aprrobe a súa modificación ou derogación expresa.”

Mondoñedo, a 28 de novembro do 2013.- O alcalde, Manuel O. González Cruz

R. 4783

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro do 2013, de aprobación da modificación da Ordenanza nº 13, Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercancias, materiais de construción, escombros, vallas, puntales, asnillas, andamios e outras instalacións análogas, e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

“ORDENANZA Nº 13 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MERCANCIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCION, ESCOMBROS, VALLAS, PUNTALES, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIONES ANALOGAS.

Art. 1.º. Funtamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto na Lei 39/1988, de 28 de decembro, este Concello establece a Taxa pola ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.

Art. 2.º. Feito imponible.

1. Constitue o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no artigo primeiro ou outros análogos coma guindastres para a construción.

Art. 3.º. Suxetos pasivos.

1. Son suxetos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que disfruten ou aproveiten especialmente o dominio público municipal en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo ou quen se beneficie do aproveitamento se se efectuou sen a preceptiva autorización.

Art. 4.º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeto pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

(incremento IPC Xeral dende maio de 2012 ata xullo de 2013: 1,3 %):

Art. 5.º. Cota tributaria.

a) Por ocupación con materiais de construción similares:

- Por m² ocupado ou fracción, 2,02 € polo período correspondente, cando a ocupación non exceda de 15 días.

- Por m² ocupado ou fracción, 4,05 € polo período correspondente ou cada mes, cando a ocupación dure máis de 15 días.

b) Por ocupación con mercadorías para venda ambulante, excepto en festas de As Quendas, Remedios e San Lucas, 0,628 €/m² por día ou fracción.

Art. 6.º. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Art. 7.º. Devengo.

1. A obriga de pago nace desde a concesión do aproveitamento solicitado, efectuándose o mesmo por ingreso na Tesourería Municipal con anterioridade á entrega da correspondente licenza ou autorización, non permitíndose a ocupación ata que se realice o pago.

2. As cantidades esixibles liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado sendo irreductibles polo período autorizado.

Art. 8.º. Infraccións e sancións.

2. Cualificarase como infracción tributaria simple o incumprimento do deber de solicitar a autorización ou licenza con carácter previo á utilización privativa ou o aproveitamento especial. Igual cualificación terá a ocupación superior á solicitada en tempo ou superficie e non poñer a disposición da Policía Local o xustificante ou documento de autorización cando lle sexa requirido nas funcións de control, inspección e vixilancia Tales infraccións sancionaranse cunha multa de 6,01 a 901,52 euros por cada infracción simple cometida.

3. Cando se trate das obras que se executen inmediatamente polos graves prexuízos que a demora puidese producir poderán iniciarse as obras sen obter previamente a autorización municipal, sen que isto constitúa infracción tributaria. Neste caso o suxeito pasivo solicitará a licenza dentro das corenta e oito horas seguintes ao comezo das obras e xustificará a razón da súa urxencia. O incumprimento desta obriga será sancionable como infracción tributaria simple nos

termos regulados no apartado 2 anterior.

Art. 9.º. Xestión.

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal o que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude por escrito na que se detalle o lugar para que se solicita.

- No suposto que se produciran desperfectos no pavimento ou nas instalacións da vía pública os titulares da licenza ou autorización deberán reintegrar o importe dos gastos de reconstrucción e reparación derivados dos danos causados.

DISPOSICION DEROGATORIA.

Queda derogada a anterior ordenanza nº 13 reguladora da taxa pola ocupación de terros de uso público con mercancias, materiais de construción, escombros, vías, puntais, asnillas, andamios e outrosa instalacións análogas

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación definitiva no BOP de Lugo , permanecendo en vigor ata que se aprobe a súa modificación ou derogación expresa.”

Mondoñedo, a 28 de novembro do 2013.- O alcalde, Manuel O. González Cruz

R. 4784

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro do 2013, de aprobación da modificación da Ordenanza nº14, Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

ORDENANZA Nº 14, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACION DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Art. 1º. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto na Lei 39/1988, de 28 de decembro, este Concello establece a Taxa pola ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Art. 2º. Feito imponible.

1. Constitue o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no artigo primeiro.

Art. 3º. Suxetos pasivos.

1. Son suxetos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que disfruten ou aproveiten especialmente o dominio público municipal en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo primeiro ou quen se beneficie do aproveitamento, se se efectuó sen a preceptiva autorización.

Art. 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeto pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

(incremento IPC Xeral dende maio de 2012 ata xullo de 2013: 1,3 %):

Art. 5º. Cota tributaria.

Por cada m² de superficie ocupada 2,02 €/mes.

Art. 6º. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Art. 7º. Devengo.

1.- A obriga de pago nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenzia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados, o día primeiro de cada ún dos periodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2.- O pago da taxa efectuarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos por ingreso unha vez concedida a correspondente licenzia ou autorización.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizadas e prorogadas: unha vez incluídas no padrón correspondente, no prazo que se sinala no edicto de exposición pública do padrón.

2. As cantidades esixibles liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado sendo irreductibles polo periodo autorizado.

3.- Autorizada a concesión entenderase prorrogada mentras non se acorde a súa caducidade ou revogación ou se presente baixa xustificada polo interesado ou os seus representantes. A presentación da baixa surtirá efectos a partires do seguinte periodo natural de devengo. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar o aboamento da taxa.

Art. 8º. Infraccións e sancións.

2. Cualificarase como infracción leve o incumprimento do deber de solicitar a autorización ou licenzia con carácter previo á utilización privativa ou o aproveitamento especial. Igual cualificación terá a ocupación superior á solicitada en tempo ou superficie e non poñer a disposición da Policía Local o xustificante ou documento de autorización cando lle sexa requirido nas funcións de control, inspección e vixilancia. Tales infraccións sancionaranse cunha multa de 6,00 a 750 euros por cada infracción simple cometida.

3. Cando se trate das obras que se executen inmediatamente polos graves prexuízos que a demora puidese producir poderán iniciarse as obras sen obter previamente a autorización municipal, sen que isto constitúa infracción tributaria. Neste caso o suxeito pasivo solicitará a licenzia dentro das corenta e oito horas seguintes ao comezo das obras e xustificará a razón da súa urxencia. O incumprimento desta obriga será sancionable como infracción tributaria leve nos

termos regulados no apartado 2 anterior.

Art. 9º. Xestión.

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal ó que fai

referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude por escrito na que se detalle o lugar para que se solicita, incluíndo a superficie do aproveitamento, os elementos a ubicar e un plano ou croquis detallados da superficie a ocupar.

- No suposto que se produciran desperfectos no pavimento ou nas instalacións da vía pública os titulares da licenzia ou autorización deberán reintegrar o importe dos gastos de reconstrucción e reparación derivados dos danos causados.

- As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da autorización.

DISPOSICION FINAL:

A presente ordenanza foi modificada polo Pleno da Corporación o 26 de setembro do 2013, e entrará en vigor unha vez sexa publicada definitivamente no B.O.P, será de aplicación no momento da súa publicación".

Mondoñedo, a 28 de novembro do 2013.- O Alcalde, Manuel O. González Cruz

R. 4785

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro do 2013, de aprobación da modificación da Ordenanza nº 15, Reguladora da taxa por prestación de servizos de sumidoiro, e non presentándose reclamación durante o periodo de exposición ao público, e dando

cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

“ORENANZA Nº 15 REGULADORA DA TASA POR PRESTACION DE SERVICIOS DE SUMIDOIRO.

FUNDAMENTO LEGAL

Artigo 1º.

De conformidade co disposto nos artigos 5 a 19 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das Facendas Locais, establécese a taxa pola prestación dos servicios de alcantarillado.

OBRIGA DE CONTRIBUÍR

Artigo 2º.

1. Feito impoñible. Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar si se cumpren as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de alcantarillado municipal. Así como a prestación do servicio de evacuación de augas pluviais, negras e residuais a través da rede de alcantarillado municipal (e no seu caso de augas residuais).

2. Obrigación de contribuír. A obrigación de contribuír nace dende que teña lugar a prestación do servicio.

3. Suxeito pasivo. Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 34.5 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiarios.

ADMINISTRACIÓN E COBRANZA.

Artigo 3º.

1. Anualmente formarase un padrón no que figuren os contribuíntes e as cuotas respectivas que se liquiden, por aplicación da presente ordenanza, o que será exposto ao público por quince días a efectos de reclamacións previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e por pregóns e edictos na forma acostumada na localidade.

2. Transcorrido o prazo de exposición ao público, o Concello resolverá sobre as reclamacións presentadas e aprobará definitivamente o Padrón que servirá de base para os documentos cobratorios correspondentes.

Artigo 4º.

As baixas deberán cursarse, ao mais tardar, o último día laborable do respectivo período, para surtir efectos a partir do día seguinte. Quenes incumpran tal obrigación seguirán suxeitos ao pago da exacción.

Artigo 5º.

As altas que se produzan dentro do exercicio, surtirán efecto dende a data en que naza a obriga de contribuír, pola Administración procederase a notificar aos suxeitos pasivos a liquidación correspondente á alta no padrón, con expresión de:

- a) Os elementos esenciais da liquidación.
- b) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, con indicación de prazos e organismos en que haberán de ser interpostos; e
- c) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

Artigo 6º.

No suposto de licencia de acometida o contribuínte deberá formular a correspondente solicitude. Concedida a licencia, practicarase a liquidación que proceda que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Artigo 7º.

Non se concederá exención ou bonificación algunha.

BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA

(incremento IPC Xeral dende xaneiro de 2012 ata xullo de 2013: 3,4 %):

Artigo 8º.

1. A cota tributaria corresponde á concesión de licenza de acometida á rede de sumidoiro esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 15,54 € e, polos dereitos de engancho de 7,45 €.

2. A cota tributaria pola prestación de servizos e, no seu caso, depuración das augas residuais, determinarase en función dos metros cúbicos de auga utilizada, aplicándose a seguinte

TARIFA:

1. VIVENDAS

Por sumidoiro, cada m³.....0,1882 €.

2. LOCAIS DE NEGOCIOS

Por sumidoiro, cada m³..... 0,1882 €.

INFRACCIÓN E SANCIÓN

Artigo 9º.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da lei xeral tributaria, conforme se ordena no artigo 11 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das Facendas Locais.

PARTIDAS FALLIDAS.

Artigo 10º.

Consideraranse partidas fallidas ou créditos incobrables, aquelas cuotas que non puideran facerse efectivas polo procedemento de apremio, para o que se formalizará o oportuno expediente de acordo co previsto no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICION DEROGATORIA.

Queda derogada a anterior ordenanza nº 15 reguladora da taxa por prestación de servizos de sumidoiro.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación definitiva no BOP de Lugo, permanecendo en vigor ata que se aprobe a súa modificación ou derogación expresa.”

Mondoñedo, a 28 de novembro do 2013.- O alcalde, Manuel O. González Cruz

R. 4786

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 26 de setembro do 2013, de aprobación da modificación da Ordenanza nº 33, Reguladora da taxa por utilización de locais municipais en horario nocturno, e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

“ORDENANZA FISCAL Nº 33 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACION DE LOCAIS MUNICIPAIS EN HORARIO NOCTURNO

Artigo 1.- CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 20.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, este Concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial por parte de persoas físicas ou xurídicas de locais e instalacións municipais para pasa-la noite.

Os locais a utilizar serán as instalacións deportivas municipais e aquelas outras instalacións de titularidade do Concello susceptibles de ser destinadas ao uso referido. A presente ordenanza non será de aplicación ao Albergue municipal.

So se poderá solicitar ata un máximo de dúas noites por persoa ou grupo de persoas. O horario permitido de estancia será dende as vinte horas do día autorizado até as nove horas do día seguinte.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible a utilización das instalacións municipais incluídas no artigo 1 para pasa-la noite.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da LXT que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden as prestacións a que se refire a presente ordenanza.

Artigo 4.- RESPONSABLES

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 e 43 da LXT.

Artigo 5.- BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria será a resultante de aplica-las seguintes tarifas:

A) Por utilización dos locais municipais mencionados para pernoctar: 3 Euros por persoa e noite

Artigo 6.- NORMAS DE XESTIÓN

O aboamento da taxa realizarase no momento da entrada no local a que se refire a presente ordenanza, a partir das vinte horas, a cuio efecto será entregado o ticket correspondente polos medios que poña a disposición o Concello.

A alcaldía determinará as temporadas anuais nas que se poderá facer uso das instalacións citadas para a finalidade descrita no artigo 2. En todo caso, o Concello se reserva o uso das instalacións para aquelas actividades que realice directamente ou en colaboración con outras entidades.

Os solicitantes a título individual formalizarán a súa petición ante o Concello, nos termos sinalados no parágrafo primeiro deste artigo.

As solicitudes para a utilización das instalacións por asociacións ou grupos de persoas se formalizarán ante o Concello de Mondoñedo cunha antelación mínima de quince días naturais á data de inicio da ocupación. Non obstante, e cando as dispoñibilidades das instalacións o permitan, a autorización do uso destas poderá ser outorgada ás entidades que presentaran a solicitude cunha antelación mínima de ata tres días naturais á data do inicio da ocupación.

Transcurridos os prazos establecidos na presente ordenanza, se entenderán desestimadas aquelas solicitudes sobre as que non houbera recaído resolución expresa.

Artigo 7.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

Para o tocante as infraccións e sancións rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes da LXT.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza modificada foi aprobada polo Pleno da Corporación o día 26 de setembro do 2013 e entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación posterior".

Mondoñedo, a 28 de novembro do 2013.- O Alcalde, Manuel O. González Cruz

R. 4787

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

Neste concello tramítase expediente **Núm. 22/2013, de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes ás persoas que se citan a continuación**, con último domicilio coñecido neste municipio na **RÚA BENITO VICETTO NÚM. 43-3º B** destacada:

-AGUILAR CABALLERO ROCÍO
-LÓPEZ AGUILAR NEREA
-FONTEBOA AGUILAR IRENE

Intentada a notificación da incoación do expediente, non se pudo efectuar por non poderse localizar á/ao interesada/o.

En cumprimento do dispostona Resolución de 9 de Abril de 1.997, pola que se dictan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón Municipal, e o artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselles que dispoñen de dez días contados a partir do seguinte ao da aparición deste edicto no boletín oficial da provincia, para manifestar se están de acordó ou non coa baixa e presentar os documentos e probas que estimen pertinentes.

Monforte de Lemos, a 28 de novembro de 2.013.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz

R. 4788

PALAS DE REI*Anuncio*

O Pleno do Concello de Palas de Rei, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de novembro de 2013, adoptou o acordo de aprobar de maneira provisional unha nova ordenanza fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar no Concello de Palas de Rei.

O expediente completo, así como o texto íntegro das modificacións permanecerá exposto o público durante 30 días hábiles dacordo co establecido no art. 17.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as reclamación e suxerencias que estimen oportunas.

Caso de que durante o prazo de exposición ó público non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado os acordos ata entón provisionais, sen necesidade de novo acordo plenario.

En Palas de Rei a 25 de novembro de 2013.- ALCALDE, Pablo Taboada Camoira.

R. 4789

Anuncio

O Pleno do Concello de Palas de Rei, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de novembro de 2013, adoptou o acordo de aprobar de maneira provisional a ordenanza reguladora da administración electrónica no Concello de Palas de Rei.

O expediente completo, así como o texto íntegro das modificacións permanecerá exposto o público durante 30 días hábiles dacordo co establecido no art. 17.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as reclamación e suxerencias que estimen oportunas.

Caso de que durante o prazo de exposición ó público non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado os acordos ata entón provisionais, sen necesidade de novo acordo plenario.

En Palas de Rei a 25 de novembro de 2013.- ALCALDE, Pablo Taboada Camoira.

R. 4790

Anuncio

O Pleno do Concello de Palas de Rei, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de novembro de 2013, adoptou o acordo de aprobar de maneira provisional a modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.
- Ordenanza reguladora do funcionamento do centro de día pertencente aos servizos sociais do Concello de Palas de Rei.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de gardería infantil.
- Ordenanza reguladora da taa por participación en talleres, escolas, actividades deportivas e recreativas.

O expediente completo, así como o texto íntegro das modificacións permanecerá exposto o público durante 30 días hábiles dacordo co establecido no art. 17.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as reclamación e suxerencias que estimen oportunas.

Caso de que durante o prazo de exposición ó público non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado os acordos ata entón provisionais, sen necesidade de novo acordo plenario.

En Palas de Rei a 25 de novembro de 2013.- ALCALDE, Pablo Taboada Camoira.

R. 4791

O PÁRAMO*Anuncio*

Vista a ordenanza reguladora da Administración Electrónica deste Concello anuncio publicado no BOP nº 174, de 1 de Agosto de 2011, detectado erro e de conformidadeco disposto no artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, procédese a súa corrección, de tal xeito que napáxina 21, artigo 6 e napáxina 22, artigo 11 onde di: www.sede.deputacion.org debe aparecer "sede.concellodeparamo.es"

En O Páramo, a 22 de novembro de 2013 - O Alcalde-Presidente, Gumersindo A. Rodríguez Liz

R. 4792

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE NOVEMBRO DE 2013.**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 28 de novembro de 2013prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de novembro de 2013, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de novembro : **1842,8 €**

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de decembro de 2013 e o 01 de febreiro de 2014.

Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

En Pedrafita do Cebreiro a 28 de novembro de 2013.- O Alcalde, JoséLuis Raposo Magdalena

R. 4793

RIBADEO*Anuncio***APERTURA DE PRAZO DE CONVOCATORIA PUBLICA DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO CONCELLO DE RIBADEO EN MATERIA DE DEPORTES**

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 3 de decembro de 2013, as bases reguladoras da convocatoria pública de Subvencións Municipais do Concello de Ribadeo para o exercicio 2013 referente a actividades deportivas, faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, có seguinte tenor:

Finalidade e obxecto.- A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os interesados realicen actividades deportivas ou de participación e fomento do deporte.

Destinatarios.- Establécense tres categorías de axudas: á actividade competitiva, para organización de eventos deportivos (carácter puntual) e para actividades deportivas (carácter permanente). Poderán participar na convocatoria entidades asociativas e clubs do termo municipal de Ribadeo, así coma deportistas persoas físicas que compitan ou participen en actividades ou competicións deportivas de carácter individual.

Procedemento e Prazo.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Ribadeo, no prazo de 10 días naturais contados dende o seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, podendo presentarse conxuntamente a solicitude e a xustificación, de ser o caso.

Documentación a presentar, requisitos e contías máximas- A documentación figura relacionada na base 8ª das aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web www.ribadeo.org e nas oficinas municipais. Asemade, na base 3ª figuran os requisitos a cumprir polos posibles beneficiarios e as contías máximas serán de:

- Axudas á actividade competitiva: 10.000,00€
- Axudas á organización de eventos: 1.800,00€
- Axudas para actividades deportivas: 1.500,00€

Partida e crédito orzamentario: 2013/341.48900 por importe de 30.000,00€

Xustificación.- O prazo de xustificación rematará, improrrogablemente, o 31 de xaneiro de 2014.

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web www.ribadeo.org

Ribadeo, 3 de decembro de 2013.- O ALCALDE, Fernando Suarez Barcia

APERTURA DE PRAZO DE CONVOCATORIA PUBLICA DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO CONCELLO DE RIBADEO EN MATERIA DE CULTURA E SERVIZOS SOCIAIS

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 3 de decembro de 2013, as bases reguladoras da convocatoria pública de Subvencións Municipais do Concello de Ribadeo para o exercicio 2013 referente a actividades culturais e de asistencia e benestar social, faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, có seguinte tenor:

Finalidade e obxecto.- A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os interesados realicen as seguintes actividades: Culturais e de Asistencia e Benestar Social e, con carácter xeral, todas aquelas actividades de interese para os veciños do Concello que representen unha mellora da calidade de vida dos mesmos ou da cohesión social.

Destinatarios.- Entidades e asociacións sen fins de lucro, domiciliadas en Ribadeo, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, e as persoas físicas ou colectivos para iniciativas temporais de interese cidadá, sen ánimo de lucro, sempre que en ambos casos non teñan recoñecida subvención nominativa nos Orzamentos Municipais. Excepcionalmente cando a actividade teña interese para o municipio, xa sexa de carácter social, económico ou humanitario poderase conceder unha subvención a entidades foráneas, ou non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, fundamentando o interese mediante achega de memoria ó efecto.

Procedemento e Prazo.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Ribadeo, no prazo de 10 días naturais contados dende o seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, podendo presentarse conxuntamente a solicitude e a xustificación, de ser o caso.

Documentación a presentar.- A que figura na base 5ª das aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web www.ribadeo.org e nas oficinas municipais.

Xustificación.- O prazo de xustificación rematará, improrrogablemente, o 31 de xaneiro de 2014.

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web www.ribadeo.org

Ribadeo, 3 de decembro de 2013.- O ALCALDE, Fernando Suarez Barcia

SAMOS

Anuncio

A fin de que sirva de notificación ao abeiro do art. 59.6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, por ser parte/s interesada/s persoa(s) a descoñecido(s)/a(s), faise publico o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de outubro de 2013 no Taboleiro de Anuncios do Concello de Samos e no BOP de Lugo:

"Escrito presentado por D. Elias Sampredo Valladares, titular do N.I.F. 34.255.292-N, e domicilio no nº 27 de Aíán deste termo municipal de Samos, polo que manifesta que é propietario da finca sita no Pol. 3, Parc. 478 de Samos, referencia catastral 27055E50109050000UU e que actualmente se ve privado do acceso á mesma por encontrarse obstaculizado o camiño, formando parte das fincas pola que transcorre, e insta ao Concello a que adopte as medidas oportunas. Xunta foto do sixpac e plano do catastro a efectos da localización do citado camiño.

Visto o informe técnico emitido pola Arquitecta asesora municipal en data 26/09/2013 co teor literal seguinte:

"Con data 23 de setembro de 2013, a técnico que suscribe efectúa visita de comprobación do lugar dos feitos, observándose que o trazado do camiño desaparece ao chegar á altura da parcela 117, presentando no seu percorrido anterior un trazado e límites ben definidos, tal e como se pode observar no anexo fotográfico adxunto ao presente informe así coma na fotografía aérea.

Os terreos afectados atópanse en solo rústico, dacordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, xa que se trata dun municipio sen planeamento xeral.

Dacordo co previsto no artigo 3 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales, "son bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais cuxa conservación e policía sexan da competencia da entidade local". Deste xeito, e segundo a documentación catastral obrante neste Concello, enténdese que dito camiño, parcela 9050 do polígono 501, é un ben de uso público local ó longo de todo o seu percorrido e ate finalizar na parcela 478 do polígono 3, tal e como se pode observar na documentación gráfica correspondente á mesma.

Nos artigos 5 e 9 de dito Real Decreto establécese que os bens comunales e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles e non están suxeitos a tributo algún; así coma que as entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos. Do mesmo xeito, segundo o previsto nos artigos 70, 71 e 72 plantexase que as Corporacións Locales poderán recobrar por sí a tenencia dos seus bens de dominio público en calquera tempo; o procedemento para a recuperación da posesión poderá iniciarse a través das formas previstas no artigo 46, requirindo a recuperación en vía administrativa acordo previo da Corporación, ó que se acompañarán os documentos acreditativos da posesión, salvo que se trate de repeler usurpacións recentes; este privilexio habilita ás Corporacións Locales para que utilicen todos os medios compulsorios legalmente admitidos, sen perxuízo de que se os feitos usurpatorios teñen aparencia de delito se poñan en coñecemento da autoridade xudicial.

Por todo o exposto con anterioridade, e á vista das actuacións observadas, enténdese que existen indicios claros dos feitos de usurpación denunciados, e cabería dar inicio por parte deste Concello ó procedemento para a recuperación da posesión dacordo co previsto no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales e demais lexislación de aplicación, requirindo ó denunciado que proceda á restitución do trazado e pavimentación do camiño ó seu estado orixinario."

Vista a Certificación catastral descriptiva e gráfica do camiño ubicado no polígono 501, parcela 9050 con referencia catastral 27055E50109050000UU cuia recuperación se pretende, na que figura como titular o Concello de Samos co 100% da propiedade, así como o Anexo de fincas colindantes no que figuran:

REFERENCIA CATASTRAL	LOCALIZACIÓN	TITULAR CATASTRAL (NIF)
27055E501000060000UM	Pol. 501, Parcela 6	Adolfo Díaz Somoza (76.621.615-J)
27055E501000080000UK	Pol. 501, Parcela 8	Amadeo Rubio López (34.158337-W)
27055E501001170000UK	Pol. 501, Parcela 117	Masa Común de Veciños de Teibilide
27055E501000070000UO	Pol. 501, Parcela 7	Adolfo Díaz Somoza (76.621.615-J)
27055A003004780000OX	Pol. 3, Parcela 478	Elias Sampredo Valladares (34.255.292-N)
27055E501090290000UF	Pol. 501, Parcela 9029	Concello de Samos (P-2705500C)
27055E501090270000UL	Pol. 501, Parcela 9027	Xunta de Galicia (S-1511001-H)

Visto que do exame do plano adxunto ao informe técnico constátase como o camiño desaparece entre as parcelas 6 e 7 do polígono 501 cuio titular catastral é D. Adolfo Díaz Somoza con NIF 76.621.615-J, e parcialmente na parcela 117 do polígono 501 cuio titular catastral é a Masa Común de Veciños de Teibilide, polo que se deduce que o presunto responsable da usurpación é D. Adolfo Díaz Somoza, ao resultar beneficiado coa unión das súas dúas parcelas a través da ocupación do camiño.

Visto o informe xurídico de Secretaría-Intervención sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente en virtude do Decreto de Alcaldía de delegación de competencias de data 25/06/2011, resolvo 2º.B.5.b), por unanimidade dos asistentes (catro votos a favor), ACORDA:

PRIMERO: Incoar expediente para a recuperación da posesión, en vía administrativa, do ben de uso público local, camiño, ubicado no polígono 501, parcela 9050, con referencia catastral 27055E501090500000UU, ao seu paso polas parcelas 117, 6 e 7 do polígono 501, nos termos en que figuran no informe da técnico municipal.

SEGUNDO: Que se incorpore canta documentación adicional se dispoña sobre o citado ben e que acredite a súa posesión (certificado de inventario de bens municipais, declaracións testificais de veciños do lugar, ou do rexistro da propiedade).

TERCEIRO: Que se poña de manifesto o expediente aos interesados D. Adolfo Díaz Somoza, D. Elías Sampedro Valladares, e Masa Común de Veciños de Teibilide, dándolle trámite de audiencia por prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da notificación para que consonte ao art. 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, alegue o que estime conveniente en defensa do seu dereito achegando os documentos e xustificantes que considere pertinentes.

Consonte ao art. 59.6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, ao ser a Masa Común de Veciños de Teibilide unha pluralidade indeterminada de persoas, a notificación será substituída pola publicación do presente Acordo no Taboleiro de Anuncios do Concello e no B.O.P. de Lugo.

CUARTO: Que unha vez efectuados todos estes trámites se eleve ao Pleno Municipal para que acorde o procedente.

QUINTO: Notificar aos interesados o presente Acordo facéndolles saber que por tratarse dun acto de trámite non poderá ser obxecto de recurso administrativo algún, sen prexuízo de que en calquera momento do procedemento o interesado poidan formular cantas alegacións estime oportunas e que contra a resolución que poña fin aos procedementos poderán interpoñerse os recursos que contra as mesmas resulten procedentes."

Samos, a 28 de novembro de 2013.- O Alcalde, Julio Gallego Moure

R. 4749

CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Consello Reitor do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga en alta aos Concellos de Cervo e Burela a transferencia de crédito nº2/2013 entre diferentes áreas de gasto, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ao público na Intervención do Concello de Cervo, sede do Consorcio, por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Presidente do Consorcio.

Cervo, a 29 de novembro de 2013.- O Presidente, Francisco Menéndez Iglesias

R. 4796